



Resolución reitoral do 02/03/2021 pola que se suspende a convocatoria de probas físicas de acceso aos estudos de graduado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte da Universidade da Coruña para o curso 2021-2022

O RD 1423/1992, do 27 de novembro, sobre incorporación á Universidade de ensinanzas de educación física, establece no seu artigo 3 que as universidades, en atención ás aptitudes indispensables para a aprendizaxe das materias ou disciplinas propias das ensinanzas de educación física, poderán efectuar, a quen solicite iniciar os ditos estudos, probas de avaliación das aptitudes persoais para a actividade física e o deporte que, en ningún caso, consistirán en probas de coñecemento e só se outorgará a cualificación de apto ou non apto.

As normas vixentes que regulan as condicións para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e o procedemento de admisión ás universidades públicas españolas permiten que as universidades poidan establecer probas específicas para o acceso a determinadas ensinanzas; non obstante, a solicitude para realizar as probas específicas non exime da realización dos trámites de acceso e admisión á universidade regulados polo Real decreto-lei 5/2016, do 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

O Plan de continxencia da Universidade da Coruña ante a COVID-19 establece que, mentres se manteña activada a alerta sanitaria, a Universidade adoptará as medidas que as autoridades competentes recomenden en cada caso, e que se seguirán sempre as indicacións das autoridades sanitarias. A adopción e aplicación das medidas farase conforme o principio de proporcionalidade e de máximo respecto ás persoas, facendo prevalecer o principio de prevención. Consonte o exposto, en plena prórroga do estado de alarma e ante a incerteza da evolución da pandemia, da situación sanitaria no presente curso académico e as importantes circunstancias que dificultan a realización das citadas probas específicas de acceso, ben como a falta das garantías precisas de protección do persoal da Universidade, e tamén daqueloutras que establecen as recomendacións das autoridades sanitarias para actividades laborais e académicas,

RESOLVO:

Primeiro.- Suspender a convocatoria de realización das citadas probas para o curso 2021/2022.

Segundo.- Establecer como sistema de acceso e admisión ao grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, para o curso académico 2021/2022, o disposto no Acordo das Universidades públicas do Sistema Universitario de Galicia, sobre os procedementos de admisión aos estudos universitarios oficiais de grao do Sistema Universitario de Galicia, aprobado polo Consello de Goberno da UDC na sesión celebrada o día 22/03/2020.

Terceiro.- A vicerreitora de Estudantes, Participación e Empregabilidade, competente no procedemento de acceso á Universidade, informará da presente resolución á presidencia da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG).

Cuarto.- Esta resolución ten o carácter excepcional que motiva a situación derivada do estado de alarma ocasionada pola COVID-19, que establece o Real Decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen que en ningún caso supoña unha modificación da memoria verificada do título do grao mencionado.

Asinado dixitalmente polo reitor da Universidade da Coruña

Código Seguro De Verificación	vowQkceMAXTek5+stfhW5w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	02/03/2021 12:32:26
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/vowQkceMAXTek5+stfhW5w==		

